

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (XUNTA DE GALICIA) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL "FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY" NA CORUÑA NO ANO 2023

No lugar e na data da sinatura dixital

Reunidos

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (Diario Oficial de Galicia nº 82, do 30 de abril de 1991).

E doutra, dona Ana Lamas Villar, deputada de Benestar Social e Educación, que actúa no nome e representación da Deputación Provincial de A Coruña en virtude da Resolución da Presidencia número 24.475 de data 16 de xullo de 2019 pola que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



Expoñen

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á



infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Quinto. A Deputación Provincial da Coruña, co CIF P-1500000C, recoñecida e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais recoñecida no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-1335, dispón entre os seus recursos asistenciais dun establecemento denominado “Fogar Infantil Emilio Romay”, sito na rúa Avda. do Ferrocarril da Coruña, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de Centro con Fogares.

Neste centro véñense prestando, mediante convenios formalizados dende o ano 1994 coa Xunta de Galicia, servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas sociofamiliares e persoais non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas na súa propia familia todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas e outras.

Sexto. Ambas as dúas partes establecen como obxectivos xerais de atención aos/ás menores, os seguintes:

- Mellorar a situación persoal e socio-familiar das persoas menores procurando, en xeral, a reintegración do ou da menor na familia de orixe ou, se non é posible o anterior, nunha familia acolledora. De todos os xeitos procurarase que os internamentos duren o menor tempo posible, poñendo ambas as dúas partes os medios necesarios, no ámbito das súas competencias, para acadar dito obxectivo.
- A decisión sobre o uso de acollemento residencial haberá de producirse despois de valorar que este acollemento é o adecuado para atender ás necesidades psicoafectivas e psicoeducativas do neno/a e da familia, co obxectivo de conseguir una adecuada integración na familia propia ou allea.
- As persoas menores acollidas no centro serán obxecto dun tratamento individualizado por parte do equipo educativo e dun seguimento evolutivo conforme aos criterios de elaboración das diferentes áreas de actuación referidas no proxecto educativo individualizado do ou da menor.
- A utilización ao máximo dos recursos que ofrece a sociedade: escolares, de lecer e calquera outro que contribúa a unha maior integración do ou da menor naquela.



Ao chegaren as partes a un acordo e recoñecerse mutua capacidade, outorgan o presente convenio conforme as seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é a atención de menores, tutelados pola Xunta de Galicia ou en situación de garda, a través de medidas de acollemento residencial e atención de día, no centro Fogar Infantil Emilio Romay, establecemento do que é titular a Deputación Provincial da Coruña.

Enténdese por acollemento residencial a forma de exercicio da garda dunha persoa menor consistente no seu aloxamento nun centro, co obxecto de recibir a atención, a educación e a formación axeitadas e coa finalidade de promover o seu desenvolvemento global normalizador e a súa integración na comunidade; como forma de exercicio da garda, comporta para quen a exerce as obrigas de velar, ter na súa compañía, alimentar, educar e procurar unha formación integral á persoa menor acollida.

Enténdese por atención de día a medida de apoio á familia a través da que se dá cobertura ás necesidades da persoa menor e se promove a mellora do seu medio familiar co fin de preservar a convivencia e evitar a separación deste. Esta medida levarase a cabo na modalidade de atención de día integral.

Segunda. Beneficiarios/as

Para a execución do convenio a Deputación Provincial da Coruña ofrécelle á Consellería de Política Social e Xuventude, que acepta, 27 prazas distribuídas en tres módulos ou unidades de convivencia, da forma seguinte:

- Un fogar de acollemento residencial para nenos/as de 0-15 meses.
- Dous fogares de acollemento residencial para menores de 15 meses a 12 anos

Nos diferentes módulos atenderase indistintamente a menores en réxime residencial ou en réxime de atención de día, estimándose aproximadamente a necesidade nun 75 % (20 prazas) de internado e nun 25 % (7 prazas) de atención de día.

Os nenos e nenas con necesidades especiais ocuparán unha ratio de dúas prazas no fogar onde estean adscritos.

Reservaranse dúas prazas, unha no fogar de 0-15 meses e outra nun fogar de 15 meses a 12 anos, para ingresos de urxencia que serán cubertas segundo as instrucións que ao respecto dite a Consellería.

A idade cronolóxica de referencia, ata os quince meses, para o traslado dos





bebés dun fogar a outro, poderá prorrogarse tomando en consideración as necesidades dos/as nenos/as, tales como:

- O desenvolvemento evolutivo do neno ou nena, considerando se está preparado para convivir nun grupo de nenos maiores.
- O estadio da súa situación familiar: previsión de baixa inminente ou non.
- A existencia ou non de irmáns noutros fogares.
- A carga asistencial noutros fogares derivada da presenza dun número de nenos pequenos que non favoreza a súa integración.
- Outras circunstancias que se estimen no seu favor.

A Consellería de Política Social e Xuventude poderá autorizar, de xeito excepcional, un ingreso que supoña sobreocupación respecto das prazas concertadas, sempre que se garanta dispoñibilidade de medios persoais e materiais para a axeitada atención do/a menor. A dita sobreocupación no suposto de ser concedida, non poderá ser superior a 3 meses, agás causas que o xustifiquen, logo de informe do equipo técnico do menor.

Terceira. Compromisos da Deputación Provincial da Coruña

A Deputación da Coruña comprométese a:

1. Ofrecer aos/ás menores residentes no equipamento citado unha atención que abranguerá as ordes educativa, formativa, de coidado e atención, que permitan o desenvolvemento da súa personalidade individual, velando pola súa educación integral, saúde física e psíquica e desenvolvemento harmónico da súa personalidade, todo isto nun ambiente normalizado. En todo caso, a referida atención terá carácter permanente e prestarase de forma ininterrompida durante todo o ano.
2. Aplicar os protocolos de funcionamento dos centros de protección de menores e cumprir cantas disposicións sobre protección de menores dite a Xunta de Galicia e os seus órganos competentes no exercicio das súas atribucións.

De cara a facer efectivo o disposto nos dous puntos anteriores, os servizos de atención aos/ás menores beneficiarios/as concrétese no seguinte:

De acordo coa Decreto 192/2015, do 29 de outubro polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, os servizos a prestar se concretan nos seguintes:

Servizo de atención residencial en réxime de internado

- Aloxamento diúrno e nocturno en instalacións adecuadas.





- Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.
- Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.
- Horario continuado as 24 horas do día.
- Apoio psicosocial e educativo e seguimento escolar, incluíndo matrículas e material educativo e didáctico.
- Hixiene e educación nos hábitos da saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.
- Roupas e calzado e equipamento en xeral.
- Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Formación nas habilidades sociais básicas.
- Colaboración no apoio e orientación ás familias dos/as menores.

Servizo de atención de día integral

- Aloxamento diúrno en instalacións adecuadas.
 - Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.
 - Horario de atención mínimo de 8 da mañá a 8 da tarde.
 - Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.
 - Hixiene e educación nos hábitos de saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.
 - Apoio e seguimento escolar, incluíndo materiais educativos e didácticos.
 - Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.
 - Roupas e calzado.
 - Servizos de titorías: orientación psicoeducativa.
 - Traballo coas familias no centro: apoio e seguimento psicosocial para acadar a súa autonomía na crianza dos/as nenos/as.
3. Asumir, sobre os menores ingresados, as funcións inherentes á garda segundo a normativa vixente.
 4. Asumir a dirección técnico-educativa e o réxime interior así como a organización de persoal.
 5. Dispoñer no centro dun libro de rexistro de usuarios e un libro de reclamacións a disposición deles.
 6. Ter subscrita unha póliza de seguros de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións aos usuarios e sinistros do



edificio.

7. Facilitar as tarefas de inspección por parte da Consellería de Política Social e Xuventude e os seus órganos dependentes para comprobar o bo funcionamento e o cumprimento das obrigas contraídas. Así mesmo, poderase solicitar a comparecencia dos directivos da entidade e dos/as beneficiarios/as.
8. Facilitar, en calquera momento e a petición da Consellería, información sobre a evolución da situación dos/as menores ao seu cargo. Así mesmo, proporcionará a información estatística que lle sexa requirida.
9. Fomentar a formación e a reciclaxe do persoal especializado na atención do/a menor.
10. Gardar absoluta reserva sobre os expedientes dos/as menores atendidos, non podendo facilitar nin revelar datos referidos aos/ás menores ou ás súas familias sen autorización da Xefatura Territorial, a excepción dos contidos dos informes que se remitan a Fiscalía de Menores, en cumprimento das obrigas legais.
11. Aplicar os protocolos de funcionamento dos centros de protección de menores.
12. Dar preferencia aos/ás menores ingresados para participar naquelas actividades normalizadas de carácter cultural, de ocio e tempo libre que poidan ser realizadas pola consellería.

Cuarta. Compromisos da Consellería de Política Social e Xuventude

1. Ditar, a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude, os acordos de internamento das persoas menores por proposta do Equipo Técnico do Menor (ETM), que oirá previamente á entidade acerca da conveniencia desta medida. Ademais deberá ter en conta as necesidades do/da menor e as características das prazas convidadas descritas na cláusula segunda.

En casos excepcionais derivados de circunstancias socio-familiares graves que requiran dun internamento inmediato do/da menor por parte da xefatura territorial, poderá ditarse acordo de internamento con carácter de urxencia efectuándose a posterior todos os trámites previstos no punto terceiro deste apartado.

2. Ditar, a través da xefatura territorial correspondente, a medida de desinstitucionalización, por proposta do ETM, que oirá previamente á entidade acerca da conveniencia desta medida. Esta resolución



fundamentarase na superación das causas que motivaron o ingreso ou que as súas circunstancias persoais así o aconsellen.

3. Apoiar a formación permanente do persoal educativo.
4. Informar á entidade das variacións producidas no ámbito familiar do/a neno/a e no plan de intervención familiar acordado.
5. Manter reunións de seguimento de casos, polo menos, con frecuencia trimestral.
6. Asumir os gastos para tratamentos especiais que excedan de 60 € de acordo coas instrucións en relación cos gastos extraordinarios, cando sexan basicamente necesarios para o desenvolvemento integral do/a menor e non estean contemplados pola Seguridade Social. Imputarase con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.228.

Quinta. Orzamento

O custo do convenio impútase en virtude do disposto na Orde da entón Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando sometida a súa execución á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente.

A Deputación Provincial da Coruña percibirá da Consellería de Política Social e Xuventude con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio de 325.904,85 € por ano completo de servizo, prorrateándose en función da data de inicio e/ou do fin da vixencia do convenio.

A dita compensación será satisfeita trimestralmente conforme ás liquidacións presentadas pola Deputación Provincial da Coruña.

Esta compensación ten o carácter de global, independentemente do número de prazas efectivamente cubertas, e será satisfeita por trimestres vencidos conforme ás liquidacións presentadas pola Deputación Provincial da Coruña.

Para estes efectos, a entidade presentará a documentación xustificativa dentro dos quince días seguintes ao trimestre de vencemento na correspondente Xefatura Territorial, que procederá posteriormente e con carácter inmediato á súa tramitación.

O custo deste convenio imputarase con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.228, na que se prevé que exista crédito axeitado e suficiente para a súa execución, de acordo co proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de data 18 de outubro de 2022.





O compromiso de gasto recollido nesta cláusula non ampara o pagamento da ocupación de prazas que poidera producirse antes da entrada en vigor do convenio. Non obstante, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a aplicar, de ser necesario, a mesma contía da compensación pactada: 33,07 €/praza/día.

Sexta. Cobertura sanitaria das persoas usuarias acollidas

No caso de asistencia sanitaria, se estará ó disposto no Real Decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario a efectos da asistencia sanitaria en España. Todos/as os/as menores teñen dereito á cobertura sanitaria da Seguridade Social para o cal haberá que efectuar as xestións oportunas por parte das xefaturas territoriais da consellería para que todo neno e nena estea incluído nunha cartilla sanitaria.

Para aqueles casos non incluídos no parágrafo anterior, a consellería, coa colaboración da entidade, xestionará a cobertura de asistencia sanitaria coa Seguridade Social ou entidades de dereito público ou privado.

Sétima. Relacións laborais do persoal que preste o servizo

O persoal que a Deputación Provincial da Coruña poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Xuventude, debendo ser a Deputación a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Xuventude, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

Oitava. Confidencialidade dos datos persoais

1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as



súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

2. Os datos persoais e os consentimentos das persoas interesadas recadados no procedemento de tramitación deste convenio de colaboración serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude, coas finalidades de levar a cabo a dita tramitación administrativa.

3. O tratamento dos datos no procedemento de tramitación deste convenio baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

4. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. A Deputación Provincial da Coruña será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste





convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

7. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

8. A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

Novena. Comisión mixta de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por:

- a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ou a persoa que a substitúa de conformidade co establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, que a presidirá.
- a persoa titular da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña ou persoa que a substitúa.
-

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designado pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

A propia comisión acordará o seu calendario de reunións.

Será de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Décima. Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro do 2023.

Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos adicionais, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Décimo primeira. Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

- O incumprimento das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.
- O mutuo acordo das partes.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décimo segunda. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse.

Así mesmo, estarase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e de conformidade coa normativa de contratos do sector público e de acordo coa Lei 40/2015 do 1 de outubro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as incidencias ou dúbidas que poidan xurdir na súa execución.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa; contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro da norma reguladora do procedemento administrativo común





ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Décimo terceira. Comunicación, divulgación e publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Xuventude

Pola Deputación Provincial da Coruña

A conselleira de Política Social e Xuventude
Fabiola García Martínez

A deputada de Benestar Social e Educación
Ana Lamas Villar

